



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Lingua e literatura castelán e a súa didáctica		Código	652G02017
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Carballal Miñan, Patricia	Correo electrónico	patricia.carballal@udc.es	
Profesorado	Carballal Miñan, Patricia	Correo electrónico	patricia.carballal@udc.es	
Web	http://www.educacion.udc.es/			
Descrición xeral	<p>1. Desenvolvemento das competencias en expresión oral, lectura e escritura en lingua castelá. Coñecemento e dominio de técnicas de expresión oral e escrita.</p> <p>2. Características da aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.</p> <p>3. Desenvolvemento e avaliación de contidos curriculares de lingua castelá a través dos recursos didácticos axeitados.</p> <p>4. Adquisición de formación literaria e de coñecementos básicos de Literatura Castelá.</p> <p>5. Panorámica actual da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua castelá.</p> <p>7. Literatura e aprendizaxe lingüística. A utilización escolar dos diferentes xéneros literarios e doutros textos. A biblioteca na aula.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil.	A44		
Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.	A45		
Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A47		
Fomentar a lectura e animar a escribir.	A48		
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.	A52		
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.		B7	
Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.		B8	
Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.		B15	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Didáctica da Literatura	<ol style="list-style-type: none"> 1. Que é a literatura? 3. A literatura como feito artístico 4. O canon literario 5. O canon literario en Educación Primaria. 6. Os xéneros literarios 7. Breve panorama da LIX.



Tema 2. Didáctica da literatura oral	<ol style="list-style-type: none"> 1. A literatura oral: características e historia. 2. A importancia da literatura oral en Educación Primaria. 3. Relacións entre lingua, literatura e territorio.
Tema 3. Didáctica da lírica e da composición literaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. A poesía 2. A poesía e o alumnado de Educación Primaria 3. O Cancioneiro infantil tradicional: características, xéneros, funcións e temas 4. A escritura creativa e a didáctica da poesía nas aulas de Educación Primaria
Tema 4. Didáctica da narración.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A narrativa 2. Elementos da narración 3. Xéneros narrativos 2. O conto literario e o conto tradicional. 3. Apuntes sobre a historia do conto tradicional 4. O conto popular na aula: Gianni Rodari e Vladimir Propp 5. A escritura creativa e a didáctica da narración nas aulas de Educación Primaria 6. O conto contado.
Tema 5. Didáctica do teatro	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apuntes sobre a historia da arte escénica 2. O texto dramático: texto literario e texto espectacular 3. Elementos da ficción dramática 4. O teatro como recurso educativo
Tema 6. A biblioteca de aula	<ol style="list-style-type: none"> 1. Importancia da biblioteca de aula 2. A biblioteca de aula como fonte de recursos e autoaprendizaxe 3. Animación á lectura

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	0	10	10
Traballos tutelados	15	15	30
Presentación oral	1	5	6
Proba obxectiva	6	80	86
Lecturas	0	8	8
Atención personalizada	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Achegamento crítico a distintos textos que se proporán nas aulas
Traballos tutelados	Realización dun ou varios traballos relacionados tanto coa recepción e crítica textual como a recepción e comentario lingüístico-literario, así como, por outra parte, elaboración de unidades didácticas referidas a calquer aspecto dos tratados no programa docente
Presentación oral	Dado o futuro profesional do alumnado, cómpre realizar presentacións orais e relatorios sobre calquera texto e/ou aspecto anteriormente propostos.
Proba obxectiva	O alumnado contará cun exame en xuño con data marcada pola Xunta de Facultade. Se non superase o curso contará tamén coa oportunidade de xullo.
Lecturas	Os alumnos e alumnas deberán achegarse a un corpo bibliográfico previamente indicado nas aulas. Este será obxecto de diversos tratamentos críticos e discusións no espazo da aula.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Traballos tutelados Presentación oral Proba obxectiva Lecturas	A atención personalizada ao alumnado consistirá na selección bibliográfica, na dirección dos traballos titorizados e na súa corrección. Así mesmo, o profesor estará dispoñible, tanto no horario de titorías sinalado como a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Os traballos titorizados constituirán un dos aguillóns máis decisivos para a cualificación do aproveitamento dos contidos da materia e serán de gran relevancia á hora de superala, posto que dan índice da madureza científica de calquera alumno ou alumna.	40
Presentación oral	Debido á realidade profesional que lles agarda aos alumnos e alumnas, daranse moita importancia tanto ás intervencións na aula como ás presentacións orais (que formarán sempre unha parte esencial dos traballos titorizados).	10
Proba obxectiva	Haberá unha proba en xuño coa que se avaliarán os obxectivos acadados polo alumnado durante o curso.	50

Observacións avaliación

Os alumnos e alumnas presenciais (é dicir, aqueles que asistan a un 80% das clases), para superar a materia na oportunidade de xuño, deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto no traballo tutelado como na proba obxectiva. Cunha nota inferior en calquera das dúas partes non superarán a materia e deberán presentarse á oportunidade de xullo.

Os alumnos non presenciais (aqueles que falten a máis dun 20% das clases) serán avaliados na oportunidade de xuño soamente mediante a proba obxectiva. Esta, será en algúns aspectos diferente á que realizarán os alumnos e alumnas presenciais.

 Na oportunidade de xullo os alumnos deberán superar un exame no que deberán amosar o seu coñecemento sobre a materia. A cualificación dependerá unicamente da superación desta proba escrita e en ningunha ocasión se terán en conta actividades previas.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Tejerina Lobo, Isabel (). Algunas consideraciones pedagógicas sobre la poesía. http://www.biblioteca.org.ar/libros/132273.pdf - Besora, Ramón (1992). Aproximación a la poesía a través del juego. Papeles de literatura infantil, núm. 15, pp. 3-12 - Ortiz, Estrella (2009). Contar con los cuentos. Guadalajara: Palabras del candil - García Carcedo, Pilar (2011). Educación Literaria y Escritura Creativa. Granada: GEU - Moreno, Víctor (1996). Escritura imaginativa. Abecedario de la escritura. Santiago de Compostela: Universiade de Santiago de Compostela - Morilla, Lola S. e Silvia Adela Hohan (1999). Hacer escribir a los niños. La metodología del taller de escritura y consignas prácticas para incentivar el mundo creativo y novelesco de los niños. Barcelona: Grafein - Motos, Tomás (1996). Juegos creativos de lenguaje. Santiago de Compostela: Universiade de Santiago de Compostela - Badia, Dolors e Montserrat Vilà (2000). Juegos de expresión oral y escrita. Barcelona: Graó - Rodari, Gianni (2004). Juegos de fantasía. Zaragoza: Edelvives - Pelegrín, Ana (1996). La flor de la maravilla. Juegos, recreos, retahílas.. Madrid: Fundación. Germán Sánchez Rui Pérez - Atero Burgos, Virtudes (2010). Retahílas y canciones infantiles. Patrimonio oral de la provincia de Cádiz. Cádiz: Universidad de Cádiz - Rodríguez López-Vázquez, Alfredo (coord.) (1993). Simposio: O teatro e o seu ensino. A Coruña: Universidade da Coruña - Prado Díez, David de (1996). Técnicas creativas y lenguaje total . Santiago de Compostela: Universiade de Santiago de Compostela - Moreno, Víctor (1998). Va de poesía. Navarra: Pamilela
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua castelán e a súa didáctica/652G02010

Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G02001

Socioloxía da educación/652G02004

Materias que continúan o temario

Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029

Observacións

A asistencia regular ás aulas dará ao alumno ou alumna o dereito de realizar os traballos titorizados. Se o alumno ou alumna non cumpre con este requisito de asistencia (é dicir, falta máis dun 20% das horas) será avaliado unicamente mediante a proba obxectiva fixada en xuño pola xunta de facultade. En ningún caso se permitirá o plaxio. De ser detectado en calquera traballo, exame ou outro documento entregado á profesora, este será avaliado directamente cun 0 (nunha escala do 0 ao 10).

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías